


Día escolar das matemáticas



Celébrase para conmemorar o nacemento do matemático catalán **Pedro Puig Adam**, que naceu en Barcelona o 12 de maio de 1900.

Imaxe da exposición: O rostro humano das matemáticas (RSME).

O día Escolar das matemáticas celébrase desde o ano 2000 (Ano Mundial das Matemáticas) e os lemas de todos estes anos foron:

- 2000: *Pon un poliedro na túa vida.*
- 2001: *Constrúe un reloxo de sol no teu centro.* 2002: *As matemáticas de Alicia e Gulliver.*
- 2003: *A Rosa dos ventos, o rumbo e a navegación.*
- 2004: *Froitas e matemáticas.*
- 2005: *O Quixote e as matemáticas.*
- 2006: *Mirar a arte con ollos matemáticos.*
- 2007: *Matemáticas e educación para a Paz.*
- 2008: *Música e Matemáticas.*
- 2009: *A Cidade e as Matemáticas.*
- 2010: *Prensa e Matemáticas.*
- 2011: *As matemáticas da química.*
- 2012: *Matemáticas e economía.*
- 2013: *Matemáticas e recursos hídricos.*
- 2014: *Matemáticas e computación.*
- 2015: *Xogos e Matemáticas*
- 2016: *Matemáticas e Deporte*
- 2017: *Matemáticas e Turismo*
- 2018: *Matemáticas Electorais*

Entidades colaboradoras




Deputación
DA CORUÑA



CFR
A CORUÑA centro de
formación e recursos



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Feira Matemática

DÍA ESCOLAR DAS MATEMÁTICAS

PALEXCO
PAZO DE EXPOSICIÓN E CONGRESOS
A CORUÑA



AGAPEMA
Asociación Galega de Profesores
de Educación Matemática

www.agapema.org

feiramatematica@agapema.org

Feira Matemática

Xornada pensada para a divulgación das Matemáticas e dirixida aos alumnos e alumnas de Educación Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato e Formación Profesional así como ao profesorado de Matemáticas e ao público en xeral.



Contidos



Cada centro ou entidade participante disporá dun "stand" para mostrar experiencias de aula, xogos, exposicións, puzzles e todo tipo de actividades relacionadas coas matemáticas.

Ademais haberá outras actividades:

- EXPOSICIÓNS.
- CONCURSOS.
- SUDOKUS.
- CUBO DE RUBIK.
- FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA.
- BINGO MATEMÁTICO.



Cada visitante poderá solicitar, por actividades realizadas, **AGAPEMOS** (ia moeda da feira matemática!) e que permitirá adquirir libros, regalos, xogos...



Obxectivos

- Afondar no ensino–aprendizaxe das Matemáticas nas etapas de Infantil, Primaria e Secundaria.



- Utilizar os distintos postos da FEIRA para acadar unha intercomunicación social matemática, lúdica, práctica e agradable.

- Amosar á sociedade aspectos relacionados coas matemáticas e recoller dela todo o seu saber popular dentro desta materia.
- Vincular o que se fai nas aulas coa realidade e viceversa.
- Animar a nenos e maiores a resolver problemas diversos.

